

Paula Vázquez Verao, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

No Concello de Sober, na ribeira de Doade, existe unha adega que se pode visualizar dende a estrada que baixa ao embarcadoiro da localidade, no río Sil.

A adega ten licencia municipal, tal como afirmou o Goberno Local do Concello de Sober no pleno municipal de decembro de 2018, sendo esta concedida antes do inicio do procedemento de incoación de BIC da Ribeira Sacra (decembro 2017).

Ultimamente, as obras na adega reactiváronse e descoñecemos se a ampliación ten ou non un volume superior ao autorizado, dado o elevado impacto visual que presenta.

Ao ter sido solicitada a licencia antes da incoación do expediente de declaración de BIC, a competencia de outorgar licencias foi do Concello de Sober. Segundo o artigo 36.1 do PXOM, o prazo para remate das obras son tres anos.

Hoxe non se podería construír unha edificación así na ribeira, cun evidente impacto visual.

A construción sitúase nunha zona de Solo Rústico de Protección de Espazos Naturais, segundo o PXOM.





Actualmente a zona está sometida ao réxime de protección específico da paisaxe cultural da Ribeira Sacra. Así, para as edificacións existentes non clasificadas, “no caso das edificacións existentes non clasificadas especificamente, non será necesaria a autorización da DXPC para as obras de mantemento, conservación, consolidación, restauración nin de rehabilitación. As de reestruturación tampouco precisarán da devandita autorización sempre que se limiten á reconstrución dos elementos derruídos co mesmo sistema construtivo e o uso de materiais tradicionais. Tamén poderán realizarse pequenas ampliacións, no marco do factible pola ordenación urbanística, sen a autorización da DXPC, sempre que a edificación ampliada no seu conxunto non supere os 50 m2.”

E, engade, que, “en calquera caso, todas as actuacións que se realicen no ámbito da paisaxe cultural deberán acreditar o cumprimento dos criterios e instrucións legais en materia de integración e harmonización cos valores culturais do ámbito, en concreto os criterios recollidos nos artigos 44, 46 e 89 da LPCG, con especial atención ás tipoloxías construtivas e aos materiais tradicionais. Como referencia e orientación a este respecto empregárase a Guía de boas prácticas para a intervención nos núcleos rurais e o tomo V da Guía de cor e materiais de Galicia promovidas pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio”.

E que “as actuacións sobre edificacións existentes que supoñan unha superficie final superior aos 50 m2, así como as obras de reconstrución ou de reestruturación de carácter global ou significativo si requirirán a autorización previa da DXPC”.

Polo exposto, a deputada que subscribe presenta as seguintes preguntas:

- 1.^a) Coñece a Xunta o impacto visual de dita construción?
- 2.^a) Como avalía a Xunta dito impacto visual, no marco do BIC Ribeira Sacra?





3.ª) Cantas autorizacións de obras se solicitaron á Xunta no territorio sometido a réxime de protección específico da paisaxe cultural da Ribeira Sacra dende a súa aprobación? En que concellos?

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 10/05/2019 10:44:15

